

FORMACIÓN BÁSICA EN TALLERES ProCC DE ESCOLA PARA NAIS E PAIS Dirixido prioritariamente a Unidades de Saúde Mental Infanto-xuvenil do SERGAS

OBXECTIVO XERAL

Capacitar na implementación e execución de Talleres ProCC de Escola para Nais e Pais de 1 a 4 reunións.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Coñecer os fundamentos teóricos básicos da Metodoloxía ProCC.

Desenvolver a mirada comunitaria na intervención con familias. Incorporar aspectos metodolóxicos na intervención grupal con familias. Adestrarse na realización de talleres grupais con Metodoloxía ProCC.

CONTIDOS

Normalidade Suposta Saúde. Vida cotiá. Imaxinario Social. Grupo Familiar. Carga socio-cultural como realidade institucional. Resonancias no rol profesional. O proceso de crecer como camiño de desprendementos cara á autonomía. Ambivalencia e proceso de duelo.

Comunicación e vínculo. Os límites e o exercicio da autoridade. Contradición e conflito. Os organizadores básicos da subxectividade: triangulación, duelo e narcisización.

Os roles masculino e feminino. A súa carga cultural e a súa relación coa crianza. Problemática actual e vicisitudes dos cambios. Construción histórico-social da subxectividade.

A función de ser pais e nais. Formulación das etapas do crecemento. Exercitando a capacidade de decodificar: puberdade e adolescencia. Programación do desenvolvemento dun taller con método de Grupo Formativo para pais e nais.

As fases da intervención grupal. Fase de implementación. Plan de implementación. Definición de grupo. A relación grupo-obxectivo-tarefa. O proceso de aprendizaxe grupal. O plano temático, o plano dinámico. A tarefa explícita e a tarefa implícita. Manexo dos roles para a contención grupal.

Aspectos metodolóxicos do método de Grupo Formativo. Fío condutor, momentos dunha reunión, algúns recursos metodolóxicos. Integración, avaliación e preparación da práctica.

PRÁCTICA

Implementar, coordinar e supervisar a realización dun taller de Escola para Nais e Pais con Metodoloxía ProCC.

O taller consta de 4 reunións de 2 horas con periodicidade semanal. Realízase por equipos de 3 a 5 persoas.

ESTRUTURA

6 clases teóricas presenciais con periodicidade semanal. Implementación de 7 talleres para pais e nais.

Supervisión grupal en liña en vivo dos talleres.

Actividades non presenciais.

Inclúe manual de Escola para nais e pais

DURACIÓN: TOTAL 60 horas

Teóricas: 36 horas presenciais Prácticas: 14 horas

Supervisións: 10 horas

<https://extranet.sergas.es/feweb/FEWEB/DetalleActividade.aspx?Idioma=ga&CodCurso=43682406D5B34B3889711E8BD362839C>